



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUGARDOS E O CASINO MUGARDÉS

Mugar dos, 8 de marzo de 2018

#### REUNIDOS

Dunha parte a Sr. Alcaldesa María del Pilar Díaz Otero, con D.N.I. 32.654665R, en nome e representación do Concello de Mugar dos, con CIF.: P-1505200D, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei reguladora das bases de réxime local.

Pola outra parte o Presidente, D. Antonio Somorrostro Salido, con DNI 32.625.038K, en nome e representación do Casino Mugar dés, con C.I.F G15048754 e consonte ao acordo da xunta directiva do día 15 de xaneiro de 2018, segundo consta na correspondente certificación do secretario da entidade, obrante no expediente de solicitude de subvención.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas.

Ámbalas partes, facendo uso da representación que ostentan e coa capacidade legal para celebrar este acto

#### EXPOÑEN

-Que este convenio cumpre a Lei 38/2003, do 17 de novembro, General de Subvenciones (LGS), que no seu art. 22.2, xunto co art. 19.4 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, establecen que poderán concederse de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

-Que é vontade de ámbalas dúas entidades promover ás accións que contribúen á participación da cidadanía de Mugar dos, na actividade cultural, de lecer e deportivas, así como apoiar as sociedades culturais con forte implantación municipal.

- Que ámbalas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

- Que o Concello de Mugar dos poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no seu orzamento.

- Que é unha actividade de fomento para favorecer a participación en actividades relacionadas coa promoción e recuperación da cultura tradicional galega, do canto coral, que se enmarcan na promoción da cultura, prevista no art. 25.2.m) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Que para a formalización do presente convenio existe consignación orzamentaría suficiente na aplicación 334.48900.



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

Por todo o exposto acordase asinar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes **CLÁUSULAS:**

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- Obxecto do convenio:

O presente convenio ten por obxecto:

1.- Establecer o marco de colaboración entre o Concello de Mugardos e o Casino Mugardés, para apoiar e promover a actividade cultural, de lecer e deportiva xeral tanto na organización de eventos no Concello de Mugardos, como na da práctica regular de actividade da cidadanía mugardesa, de tal xeito que as actividades obxecto de subvención están abertas a toda a cidadanía de Mugardos, non podendo esixir a condición de socio/a para participar nas actividades obxecto do presente convenio.

2.- Establecer o marco de colaboración entre o Concello de Mugardos e o Casino Mugardés para o uso por parte do Concello das instalacións para a organización de eventos culturais, de lecer e deportivos, sempre e cando non coincida cos actos propios da entidade.

Finalidade da subvención concedida: Participación, en eventos culturais, deportivos e de lecer e para a organización de eventos culturais, de lecer e deportivos e gasto corrente.

Gastos en: material funxible ocio, prensa, material actividades, seguros, actuacións musicais e/ou de teatro, impostos e taxas, gastos de decoración, xestoría, gastos das actividades (contratación profesores), gastos de reparación e mantemento das instalacións culturais e deportivas e gastos xerais (luz, auga, teléfono, internet, postais, calefacción..)

**Non serán subvencionables gastos derivados de préstamos e devolución de recibos, por non estar relacionados directamente coas actividades subvencionadas por este Concello.**

#### SEGUNDA. Contía da subvención.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio o Concello de Mugardos comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade de CINCO MIL CINCOCENTOS EUROS ( 5.500€) en concepto de colaboración para o financiamento das actividades regulares (culturais, deportivas e de lecer), así como o gasto corrente derivado do mantemento das instalacións, equipamentos e xestión administrativa con cargo á aplicación 334.48900 do orzamento do Concello para o exercicio 2018, prorrogado de 2017.

Poderáse otorgar a subvención por contía superior á recollida no parágrafo anterior sempre que se produza un incremento dos créditos conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### TERCEIRA.- Responsabilidade das actuacións concertadas.

A organización das actividades obxecto deste convenio corresponde en exclusiva ao Casino Mugardés, limitándose os compromisos municipais ao establecido no presente convenio.

Ademais da actividade xeral de organización de eventos culturais e deportivos, conferencias, dinamización cultural e deportiva, comprométese á cesión do local, como mínimo para os seguintes eventos culturais e deportivos ao Concello de Mugardos, e demais actuacións programadas polo Concello que estando previstas ao aire libre teñan que ser en local pechado polas inclemencias do tempo:



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

- 1.- 10 de marzo de 19:30h. a 21:00h. Presentación da Madriña da Rondalla.
- 2.- 24 de marzo de 18:30h. a 21:30h. Certame de Rondallas.
- 3.- Actuación e ensaio, días anteriores do obradoiro de Teatro de Maiores do Concello. Mes de xuño
- 4.- Concerto peche actividade Escola de Música. Mes de Xuño.
- 5.- 29 de decembro de 19:30h. a 21:00h. Concerto de Fin de Ano
- 6.- O uso da pista polideportiva para a organización de actividades deportivas e culturais

### CUARTA. Obrigas do beneficiario.

En cumprimento do disposto na Base 69ª das de execución do orzamento de 2018, prorrogado de 2017, o beneficiario do presente convenio deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Realizar a actividade ou actividades que fundamentan a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determina a concesión ou disfrute da axuda.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Mugar dos, agás que se lle concedese excepcionalmente prórroga.
- d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e á Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como co concello.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e de control financeiro por parte da Intervención do Concello.
- f) Comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie as actividades que se subvencionan. O importe da subvención concedida polo Concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos polo Concello.
- g) Non deberá estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- h) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento das súas actividades a participación e colaboración do Concello de Mugar dos.
- i) Ceder o uso do local ao Concello nos termos expostos na cláusula terceira do presente convenio.

### QUINTA. Xustificación e forma de pagamento.

En todo caso deberase incluír na xustificación final:



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

1º.-Unha memoria e declaración xurada da totalidade das actividades realizadas.

2º.-Unha relación clasificada dos gastos soportados durante o período de vixencia do convenio.

O Casino Mugarlés, deberá xustificar a subvención outorgada no presente convenio, mediante facturas orixinais de gasto ou as súas fotocopias debidamente compulsadas xustificativas da realización das actividades subvencionadas; tamén se admitirán outros documentos xustificativos equivalentes ( certificados, recibos, nóminas ). Estes documentos xustificativos dos gastos deberán ser por unha contía igual ou superior á subvención concedida, certificando ademais que as contías foron destinadas ao fin para o que foi outorgada a subvención. **En todo caso deberá acreditarse o pago mediante presentación de xustificante de transferencia bancaria, ou recibín do perceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.**

**Non se admitirán como xustificantes de gasto pagos en efectivo de contía igual ou superior a 2.500 euros por estar expresamente prohibido. ( Lei 7/2012, de 29 de outubro).**

3º.-Unha declaración doutras axudas ou subvencións percibidas e/ou concedidas.

4º.-Unha declaración de que a subvención destinouse a finalidade para a que foi concedida.

5º.- Documentación das publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) onde conste o escudo ou logotipo municipal.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, os beneficiarios disporán de dous meses para a **presentación da documentación xustificativa no Rexistro de Entrada do Concello, sen exceder en todo caso o 11 de decembro de 2018.** En caso de non xustificar o importe total do convenio, verase reducido o importe a percibir.

No momento da sinatura do convenio concederáse un anticipo da subvención de ata un 50% da contía concedida, e unha vez que sexan xustificados os gastos subvencionados procederáse, previo informe da intervención, a abonar o 50% restante.

### **SÉXTA. Relacións laborais ou doutra orde con terceiras persoas.**

Se o Casino Mugarlés, tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas para realizar as actividades obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos/ás empresarios/as ou empregadores/ as impoña a lexislación vixente en materia de seguridade social e seguridade e hixiene no traballo.

O Concello non manterá relación laboral ningunha coas persoas que a entidade beneficiaria da axuda municipal puidera contratar nin asumirá responsabilidade de ningún tipo polo incumprimento en que o devandito beneficiario puidera incurrir.

### **SÉPTIMA. Duración temporal do convenio.**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura estendéndose a duración do mesmo ata o 11 de decembro de 2018, non obstante abarcará accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade dende o 01 de xaneiro de 2018 ata o 11 de decembro de 2018.

### **OITAVA.- Constitución de garantía.**

Segundo establece o R D 887/2006, do 21 de xuño no seu art. 42. punto 2 c) quedan exonerados da constitución de garantía, as entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional.

### **NOVENA.- Actuacións administrativas.**



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

Ir a cargo do CasinoMugar, calquera tipo de autorizacin que deba obter das administracins competentes para a realizacin das actividades obxecto do convenio, sendo aquela a nica responsable da sa solicitude, obtencin e cumprimento.

No que se refire s infraccins e sancions administrativas a entidade que asina se someter ao disposto nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencins 38/2003, de 17 de novembro e co Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

### DCIMA. Conservacin de documentacin.

O CasinoMugar,deber conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos as como a documentacin contable que lle sexa esixida na sa lexislacin aplicable co fin de facilitar as actuacins de comprobacin e control.

### NDECIMA.- Constancia da colaboracin municipal.

Cando a entidade organizadora desenvolva actos pblicos ou informe, por calquera medio de comunicacin ou publicidade, das actividades subvencionadas por este convenio, far constar e difundir a colaboracin municipal. Nas publicacins (carteis, programas, catlogos, anuncios publicitarios,...) deber constar o escudo ou logotipo municipal.

### DCIMO SEGUNDA.- Seguimento das actividades subvencionadas.

 obrigacin do beneficiario da subvencin segundo establece a Lei 9/2007 , do 13 de xuno, de subvencins de Galicia no seu art. 11. apartado c) " someterse as actuacins de comprobacin, a efectuar polo rgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, as como a calquera outra actuacin, sexa de comprobacin e control financeiro que poidan realizar os rganos de control competentes,... aportando tanta informacin sxalles requirida..." . Por elo a entidade beneficiaria facilitar os medios materiais e persoais, cando sexa requirido polos tcnicos municipais, co fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.

### DCIMO TERCEIRA.- Lingua vehicular.

Todos os documentos que se deriven desta relacin de vencellamento entre o Concello e o Casino Mugar, redactaranse en lingua galega as como toda presenza pblica (rtulos, indicadores na ra, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que convenian realicen referentes ao asunto deste convenio. As mesmo eliminaranse os estereotipos sexistas na linguaxe.

### DCIMO CUARTA. Reintegro.

O Casino Mugar, proceder ao reintegro da conta concedida ao Concello nos supostos que estn fixados no artigo 37 da Lei xeral de subvencins.

### DCIMO QUINTA. Causas de resolucin.

Sern causas de resolucin do presente convenio e darn lugar ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das clusulas deste convenio.
- A aplicacin dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a sa concesin.
- A falta de xustificacin do emprego das cantidades recibidas.

### DCIMO SEXTA. Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dbidas que xurdan na interpretacin das sas clusulas aplicaranse as disposicins contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de



## CONCELLO DE MUGARDOS


(A CORUÑA)

subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

As resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade e exercendo as facultades expresadas, as partes comparecentes asinan o presente convenio en triplicado exemplar, no lugar e data sinalados.

A alcaldesa,



O presidente,